A Mesa de Contratación na reunión do día 5 de marzo de 2026 procedeu á apertura dos sobres “B”, documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Arquitectura para a súa valoración.

O Enxeñeiro Técnico Industrial do Servizo de Arquitectura, D. Ignacio Francisco Grande Santos e a Técnica de Mantemento do Centro Príncipe Felipe, Dona Patricia Pérez Fernández, con data 15 de abril de 2026, emitiron un informe conxunto relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA TECNICA	PROGRAMACIÓN OBRAS	LEGALIZACIÓN INSTALACIÓN	COMPROMISO AMBIENTAL	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE	10,00	8,00	5,00	5,00	28,00



ARQUITECTURA E INGENIERIA SL					
ENTIDAD NEW PASCO 2012, S.L.	10,00	6,00	5,00	5,00	26,00
INSTALACIONES Y SERVICIOS VMA GALICIA S.L.	10,00	6,00	5,00	2,50	23,50
SETGA, S.L.U.	6,00	4,00	6,00	5,00	21,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do conxunto do Enxeñeiro Técnico Industrial do Servizo de Arquitectura, D. Ignacio Francisco Grande Santos e da Técnica de Mantemento do Centro Príncipe Felipe, Dona Patricia Pérez Fernández, de data 15 de abril de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra *"Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electróxico na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe"*.

8. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electróxico na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe". (Expte.- 2025062350).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada na valoración técnica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da obra *"Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electróxico na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe"*, e que é a seguinte:

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA SL	28,00
ENTIDAD NEW PASCO 2012, S.L.	26,00
INSTALACIONES Y SERVICIOS VMA GALICIA S.L.	23,50
SETGA, S.L.U.	21,00



A continuación comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "C" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (15,00 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE C		
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA SL	382.692,26 €	1,00%	36 MESES
ENTIDAD NEW PASCO 2012, S.L.	373.500,00 €	1,00%	36 MESES
INSTALACIONES Y SERVICIOS VMA GALICIA S.L.	376.400,00 €	2,00%	36 MESES
SETGA, S.L.U.	374.999,00 €	3,00%	36 MESES

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

9. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliada mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración do sistema de alimentación ininterrompida da Casona de Areeiro. (Expte.- 2025080302).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2026001482 de data 24/02/2026 aprobouse o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado da subministración e instalación dun sistema de alimentación ininterrompida (SAI) na Casona de Aeeiro.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25-02-2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión celebrada o día 20-03-2026 procede á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez examinada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ós seguintes licitadores:

- ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. B15123177
- DESEÑO, ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS S.L. B94129368

Na mesma sesión, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación técnica á xefa do servizo de Novas Tecnoloxías, para a súa valoración.

Con data 15-04-2025 a xefa do servizo de Novas Tecnoloxías remite informe (csv: SFDZO2L6090DGXVK) sendo as puntuación obtidas no sobre A as seguintes:

CRITERIO	Máximo	ELECNOR	DEXO
Modelo de organización proposto	5,00	4,00	2,00
Procedemento xestión incidencias	5,00	4,00	2,00
Procedemento escalado incidencias	5,00	4,00	3,00
Procedemento de atención ante petición de servizo	5,00	4,00	4,00
Plan de traballo	5,00	5,00	2,00
Totais	25,00	21,00	13,00

A Mesa de Contratación, á vista do exposto no informe emitido xefa do servizo de Novas Tecnoloxías co (csv: SFDZO2L6090DGXVK) acorda, prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas para optar á adxudicación do contrato do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da *subministración e instalación dun sistema de alimentación ininterrompida (SAI) na Casona de Areeiro da Deputación de Pontevedra*, xa que os licitadores superan o mínimo esixido do 50% da puntuación do sobre A segundo o PCAP, para poder continuar no proceso selectivo.



10. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración do sistema de alimentación ininterrompida da Casona de Areeiro. (Expte.- 2025080302).

O Secretario informa ós asistentes das puntuacións do sobre A "xuízos de valor" acadadas no procedemento aberto simplificado para a contratación da *Subministración e instalación dun sistema de alimentación ininterrompida na Casona de Areeiro, Deputación de Pontevedra..* Expte. 2025080302, segundo o informe emitido pola xefe do servizo de Novas Tecnoloxias (csv: SFDZO2L6090DGXVK) e que é a seguinte:

CRITERIO	Máximo	ELECNOR	DEXO
Modelo de organización proposto	5,00	4,00	2,00
Procedemento xestión incidencias	5,00	4,00	2,00
Procedemento escalado incidencias	5,00	4,00	3,00
Procedemento de atención ante petición de servizo	5,00	4,00	4,00
Plan de traballo	5,00	5,00	2,00
Totais	25,00	21,00	13,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do sector público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados no sobre "B" foron os seguintes:

DESEÑO, ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS S.L.



1. Menor prezo ofertado sen IVE

Menor prezo ofertado do subministro sen IVE	20.351,14 €
Menor prezo ofertado do mantemento sen IVE	4.137,12 €
Total sen IVE	24.488,26 €
21% de IVE	5.142,53 €
Total IVE engadido	29.630,79 €

2. Mellora dos tempos de autonomía, sinalar cun X

Tempo de autonomía	
12 minutos	
Ata 15 minutos	
Maior de 16 minutos	X

ELECTRÓNICA NOROESTE S.G. S.L.

1. Menor prezo ofertado sen IVE

Menor prezo ofertado do subministro sen IVE	20.702,44 €
Menor prezo ofertado do mantemento sen IVE	3.180,00 €
Total sen IVE	23.882,44 €
21% de IVE	5.015,31 €
Total IVE engadido	28.897,75 €

2. Mellora dos tempos de autonomía, sinalar cun X

Tempo de autonomía	
12 minutos	
Ata 15 minutos	
Maior de 16 minutos	X

As puntuacións obtidas na valoración dos criterios do sobre "B" son as seguintes:



	DESEÑO	ELECTRÓNICA
1. Precio	17,53	24,80
2. Mellora tempos de autonomía	15	15
Totais sobre B	32,53	39,84

As puntuacións totais dos sobres A+B, son as seguintes:

	DESEÑO	ELECTRÓNICA
Sobre A	13	21
Sobre B	32,53	39,84
Total	45,53	60,84

A Mesa acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da Subministración e instalación dun sistema de alimentación ininterrompida na Casona de Areeiro, Deputación de Pontevedra, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "A"	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. B15123177	21	39,84	60,84
2ª	DESEÑO, EXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS S.L. B94129368	13	32,53	45,53

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso o Deputado delegado da área de Novas tecnoloxías e contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da "Subministración e instalación dun sistema de alimentación ininterrompida na Casona de Areeiro á empresa ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. que acada a mellor puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento e polo prezo ofertado.



A Mesa de Contratación comproba que a empresa ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L.(B15123177) figura inscrita no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles, contados dende o seguinte ó do seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos, entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de: 1.194,12 €
4. Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

11. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do concurso público convocado para a contratación do arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra. (Expte.- 2026003713).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial número 2026002037 aprobouse o expediente para a contratación mediante concurso público, do "Arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) e no BOPPO con data 20 de marzo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

A presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público e as empresas admitidas foron as seguintes:

- OBRAS, PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L

A Xefa de xestión do Museo, Dña. Maria Cruz Farto Justo, con data 14 de abril de 2026, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polo licitador, figurando a empresa admitida co seguinte resultado:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR	PUNTUACIÓN
Estado de conservación e funcionalidade do local (máximo 15 puntos)	11,50 puntos
Medidas de seguridade e control de accesos (máximo 15 puntos)	14,00 puntos
PUNTUACIÓN TOTAL	25,50 PUNTOS



Á vista do exposto, a Mesa de Contratación acorda:

1. Prestar conformidade ás citadas puntuacións segundo constan no citado informe co CSV: F14W40YA6SO1HLW4.
2. Acordar que se proceda a apertura do Sobre B correspondente aos criterios avaliábeis automaticamente do licitador OBRAS, PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L, que acadara unha puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (sobre A).

12. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliábel mediante criterios de valoración automática, do concurso público convocado para a contratación do arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra. (Expte.- 2026003713).

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes que unha vez aprobada a valoración da documentación contida no sobre "A" correspondente aos xuízos de valor en base ao informe elaborado polo persoal técnico do Museo de Pontevedra, procede a continuación a apertura dos sobres "B" da documentación correspondente aos criterios avaliábeis mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" da documentación correspondente aos criterios avaliábeis mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

O valores ofertados por OBRAS, PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L (CIF: B36563815), única empresa admitida no procedemento, foron os seguintes:

1. Prezo mensual ofertado:

Prezo mensual ofertado sen IVE:	1.400,00 €
IVE (21%):	294,00 €
Prezo mensual ofertado total:	1.694,00 €



2. Metros cadrados de superficie útil do local ofertado: 150,00 m2.
3. Metros de distancia entre o local ofertado e unha zona de estacionamento de vehículos: 1 metro.

13. Avaliación das candidaturas presentadas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes de adhesión do Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra . (Expte.- 2025013680).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 13 de marzo de 2026, aprobou o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 20 de marzo de 2026, aparecendo publicado o día 23 de marzo de 2026 (Número de publicación do anuncio 197830-2026; número da edición do DO S: 57/2026); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de marzo de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Conforme o prego, unha vez finalizado o prazo inicial para presentación de solicitudes, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación determinará a aceptación, ou non, das empresas licitadoras en base ao cumprimento dos criterios de selección.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

O período de avaliación poderá ser de ata dez días hábiles, prorrogable en 15 días hábiles en función das candidaturas recibidas e, en todo caso, ata antes do envío da invitación para a contratación específica.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarallo ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos.

No caso de que a empresa non emende a documentación no prazo indicado, entenderase que desiste da súa solicitude de inclusión. Do resultado informarase ás persoas candidatas canto antes.

As empresas que presentan as súas candidaturas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes son as seguintes:



1. Alma Mater, S.L. (CIF: B36837037), categoría 1
2. Alejandro Méndez Martínez (Aeme Soluciones Gráficas) (CIF: 53114088G), categoría 1 e 2
3. Artes Gráficas Lumeira S.L.L. (CIF: B56318009), categoría 1
4. Carmen Díaz Paricio (CIF: 02612089W), categoría 1
5. Dibay Eventos S.L.U. (CIF: B94196276), categoría 1 e 2
6. Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278), categoría 1 e 2
7. Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U. (CIF: A36751287), categoría 1
8. Eurocebrian S.L. (CIF: B97199806), categoría 1 e 2
9. Exclusivas Medina S.L. (CIF: B36785442), categoría 1
10. Gallega de Publicidad y Merchandaising S.L. (CIF: B10822948), categoría 1
11. Giveitaway S.L. (CIF: B55581482), categoría 1
12. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830), categoría 1 e 2
13. Imaginacion Azul S.L. (CIF: B37564002), categoría 2
14. Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S), categoría 1
15. Ovejero Sequeiro, S.L. (CIF: B10407096), categoría 1 e 2
16. Publiprinters Global S.L. (CIF: B23739493), categoría 1
17. Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988), categoría 1
18. Seritec S.L. (CIF: B32008377), categoría 1 e 2
19. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152), categoría 1 e 2

O Secretario da Mesa de Contratación informa de que, unha vez avaliada a documentación presentada polas empresas na solicitude de adhesión, as seguintes entidades presentan defectos emendables na documentación achegada para xustificar os criterios de selección establecidos nos pregos:

Alma Mater, S.L. (CIF: B36837037)

Solvencia económica e financeira:

A entidade licitadora achega unha declaración responsable relativa á cifra de negocios; non obstante, non presenta a documentación acreditativa requirida nos pregos que permita verificar o cumprimento deste requisito de solvencia.

Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas; pero non se acompaña da documentación acreditativa necesaria para a súa verificación. Así mesmo, dos datos facilitados despréndese que os importes correspondentes aos contratos relacionados resultan insuficientes para acadar o limiar mínimo de solvencia técnica esixido nos pregos.

Alejandro Méndez Martínez (CIF: 53114088G)



Solvencia económica e financeira:

A entidade licitadora achega unha declaración responsable relativa á cifra de negocios; non obstante, non presenta a documentación acreditativa requirida nos pregos que permita verificar o cumprimento deste requisito de solvencia.

Solvencia técnica:

A entidade licitadora non achega relación das subministracións realizadas nin a documentación acreditativa necesaria para a súa verificación.

Artes Gráficas Lumeira S.L.L. (CIF: B56318009)

Solvencia económica e financeira:

A entidade licitadora non presenta ningunha documentación acreditativa requirida nos pregos que permita verificar o cumprimento deste requisito de solvencia.

Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas; pero non se acompaña da documentación acreditativa necesaria para a súa verificación. Así mesmo, dos datos facilitados despréndese que os importes correspondentes aos contratos relacionados resultan insuficientes para acadar o limiar mínimo de solvencia técnica esixido nos pregos.

Carmen Díaz Paricio (CIF: 02612089W)

Solvencia económica e financeira:

A entidade licitadora non presenta ningunha documentación acreditativa requirida nos pregos que permita verificar o cumprimento deste requisito de solvencia.

Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas; pero non se acompaña da documentación acreditativa necesaria para a súa verificación. Así mesmo, dos datos facilitados despréndese que os importes correspondentes aos contratos relacionados resultan insuficientes para acadar o limiar mínimo de solvencia técnica esixido nos pregos.

Dibay Eventos S.L.U. (CIF: B94196276)

Solvencia económica e financeira:

A entidade licitadora presenta o modelo 390; porén, neste documento non figura reflectido o volume de operacións, polo que non resulta posible verificar a solvencia económica e financeira requirida.

Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas; non obstante, esta non se acompaña da documentación acreditativa necesaria para a súa verificación. Así mesmo, a devandita relación non aparece desagregada por categorías, tal e como se esixe.

Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278)

Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas; non obstante, esta non se acompaña da documentación acreditativa necesaria para a súa verificación. Así mesmo, a devandita relación non aparece desagregada por categorías, tal e como se esixe.

Eurocebrian S.L. (CIF: B97199806)



Solvencia económica e financeira:

A entidade licitadora achega unha declaración responsable relativa á cifra de negocios; non obstante, non presenta a documentación acreditativa requirida nos pregos que permita verificar o cumprimento deste requisito de solvencia.

Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas; pero non se acompaña da documentación acreditativa necesaria para a súa verificación.

Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)

Solvencia económica e financeira:

A entidade licitadora non presenta ningunha documentación acreditativa requirida nos pregos que permita verificar o cumprimento deste requisito de solvencia.

Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas; pero non se acompaña da documentación acreditativa necesaria para a súa verificación. Así mesmo, dos datos facilitados despréndese que os importes correspondentes aos contratos relacionados resultan insuficientes para acadar o limiar mínimo de solvencia técnica esixido nos pregos.

Imaginacion Azul S.L. (CIF: B37564002)

Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas; pero non se acompaña da documentación acreditativa necesaria para a súa verificación.

Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S)

Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas, así como a correspondente documentación acreditativa; non obstante, o seu importe resulta insuficiente para acreditar a solvencia técnica esixida.

Ovejero Sequeiro, S.L. (CIF: B10407096)

Solvencia económica e financeira:

A entidade licitadora achega unha declaración responsable relativa á cifra de negocios; non obstante, non presenta a documentación acreditativa requirida nos pregos que permita verificar o cumprimento deste requisito de solvencia.

Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas; pero non se acompaña da documentación acreditativa necesaria para a súa verificación. Así mesmo, dos datos facilitados despréndese que os importes correspondentes aos contratos relacionados resultan insuficientes para acadar o limiar mínimo de solvencia técnica esixido nos pregos.

Publprinters Global S.L. (CIF: B23739493)

Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas; non obstante, a documentación acreditativa que a acompaña non se corresponde co obxecto do contrato, polo que non resulta válida para acreditar a solvencia técnica esixida.

Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988)



Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas; pero non se acompaña da documentación acreditativa necesaria para a súa verificación.

Seritec S.L. (CIF: B32008377)

Solvencia técnica:

A entidade licitadora achega unha relación das subministracións realizadas; non obstante, esta non se acompaña da documentación acreditativa necesaria para a súa verificación. Así mesmo, a devandita relación non aparece desagregada por categorías, tal e como se esixe.

A Mesa de Contratación acorda:

Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira ás empresas que se indican a continuación para que, no prazo de 3 días naturais, aporten a seguinte documentación:

- As empresas Alma Mater, S.L. (CIF: B36837037), Alejandro Méndez Martínez (CIF: 53114088G), Artes Gráficas Lumeira S.L.L. (CIF: B56318009), Carmen Díaz Paricio (CIF: 02612089W), Dibay Eventos S.L.U. (CIF: B94196276), Eurocebrian S.L. (CIF: B97199806), Grañeda, S.A. (CIF: A47213830), e Ovejero Sequeiro, S.L. (CIF: B10407096) deberán acreditar:

–

- Solvencia económica e financeira: un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles, por importe igual ou superior ás contías establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares (categoría 1: 60.000,00 euros e categoría 2: 20.000,00 euros). A acreditación deste requisito realizarase, con carácter xeral, mediante certificado de importe neto da cifra de negocios expedido pola AEAT, ou mediante a achega do resumo anual do IVE (modelo 390).
- Solvencia técnica: a relación das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato, acreditada mediante certificados expedidos polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta de este certificado, mediante unha declaración da ou do empresario, acompañado dos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación. O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior a: Categoría I: 30.000,00 euros e Categoría II: 5.000,00 euros. Estes certificados deberán estar desagregados por categorías, no caso de optar a máis dunha categoría.



- As empresas Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278), Imagination Azul S.L. (CIF: B37564002), Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S), Publiprinters Global S.L. (CIF: B23739493), Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988) e Seritec S.L. (CIF: B32008377), deberán acreditar:

- Solvencia técnica: nos termos indicados no punto anterior.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e trinta e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

